



ACTA DO SORTEO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS CURSOS CELGA CONVOCADOS POLA SECRETARÍA XERAL DA LINGUA EN 2025 QUE CONTAN CON MÁIS SOLICITANTES CA PRAZAS DISPOÑIBLES

LUGAR: salón de actos da sede da SXL (rúa de San Roque 2, Santiago de Compostela)

DATA: 07.03.2025

HORA DE COMEZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 11.15 h

ASISTENTES

Por parte da Secretaría Xeral da Lingua (SXL):

- María Lourdes Batán Aira (subdirectora xeral de Política Lingüística), presidenta
- Oliva Amorín López (xefa do Servizo de Formación, Asesoramento e Proxección Exterior da Lingua), secretaria
- Manuel Martínez Lado (xefe da Sección I), vogal
- Manuel Penela Novais (xefe de Negociado), vogal

Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega):

- Jesús Pereiro Mallo (xefe de Sección do Departamento de Medios e Capacitación Dixital), vogal

PROCEDEMENTO DO SORTEO

De acordo co punto 4.2 da Resolución do 31 de xaneiro de 2025, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuito, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4 (DOG núm. 26, do 07.02.2025), se un curso ten máis solicitantes ca prazas dispoñibles, a asignación destas farase a través dun sorteo aleatorio puro.

Para levar a cabo o citado sorteo, a Amtega desenvolveu un programa informático que permite a obtención sucesiva de números ao azar coa execución dunha rutina informática aleatoria. Ata o día deste sorteo, a Amtega custodia debidamente o código fonte do dito programa informático.

A partir da relación das persoas que superaron a proba de nivel en cada un dos cursos que contan con máis solicitudes ca prazas dispoñibles, obterase a listaxe do alumnado seleccionado e mais a listaxe de agarda. Se o número de persoas que superaron a dita proba de nivel non é suficiente para cubrir as prazas na listaxe de agarda, como é o caso, realizarase outro sorteo entre as persoas que non a superaron.





Os cursos nos que se rexistraron máis solicitantes ca prazas dispoñibles, así como o número de prazas e de persoas que superaron e non superaron a proba de nivel correspondente a cada un, son os seguintes:

CURSO	NÚM. DE PRAZAS	NÚM. DE PERSOAS QUE SUPERARON A PROBA DE NIVEL	NÚM. DE PERSOAS QUE NON SUPERARON A PROBA DE NIVEL
Celga 2 en liña: 12 edicións	420	440	82
Celga 3 en liña: 8 edicións	280	317	20
Celga 4 en liña: 20 edicións	700	718	59
Celga 2 presencial: A Coruña	35	35	8
Celga 4 presencial: Santiago	35	37	3

REALIZACIÓN DO SORTEO

Este sorteo realízase baixo a coordinación dos responsables da SXL e a supervisión do técnico especializado da Amtega. Os distintos pasos que se van executando proxéctanse nunha pantalla visible para todos.

Respecto de cada curso, comézase coa proxección da listaxe con todas as solicitudes. A continuación, realízase un primeiro sorteo entre as persoas que superaron a proba de nivel e, deseguido, realízase un segundo entre as persoas que non a superaron. Deste modo, obtense tanto a listaxe do alumnado seleccionado como a listaxe de agarda de cada un dos cursos indicados.

RESULTADOS DO SORTEO

Unha vez que se obteñen as listaxes do alumnado seleccionado e mais as listaxes de agarda que acompañan esta acta, estas publícanse, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na páxina web da SXL (<https://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes dos restantes cursos cuxo número de solicitantes non foi superior ao de prazas dispoñibles.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza o acto público deste sorteo e redáctase esta acta.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

